



Á Secretaria da Corporación do Concello de Sada

Laura Rodriguez Pena, concelleira e voceira do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no concello de Sada

EXPOÑO:

Que no último pleno celebrado aprobouse no punto "Reorganización do goberno" unha proposta de retribucións para as persoas que o conforman. No expediente figura o informe preceptivo de intervención que no seu último parágrafo di: "*O presente acordo contén retribucións non nominativas e, en todo caso, pendentes da aceptación dos titulares. Deste xeito no seu momento deberá controlarse as limitacións impostas polo artigo 73.3 da LBRL previo informe xurídico sobre adscrición dos concelleiros aos grupos municipais*".

Nese pleno, as concelleiras e concelleiros actuaron como pertencentes aos grupos municipais polos que resultaron eleixidas, cando todos eles foron desautorizados públicamente polas súas respectivas organizacións de procedencia. Acompáñanse ligazóns de noticias de prensa non desmentidas nin desautorizadas:

Alternativa dos Veciños: <https://www.europapress.es/galicia/noticia-alternativa-dos-vecinos-expulsa-dos-concejales-promovieron-mocion-censura-sada-20221107161336.html>

Partido Popular:

https://www.lavozdegalicia.es/noticia/coruna/sada/2022/11/12/expediente-disciplinario-pp-cinco-ediles-sada/0003_202211202211121668267458473.htm

PSOE: <https://www.lavozdegalicia.es/noticia/coruna/sada/2022/11/16/psoe-expulsa-dos-ediles-sada-mocion-censura-conocimiento-debate-autorizacion-formacion/00031668627955624120130.htm>

As persoas membros desta Corporación descoñecemos se esas respectivas organizacións políticas comunicaron oficialmente o que é unha evidencia, que todos eles cometeron un acto antidemocrático de transfuguismo político o pasado 18 de novembro.

O art. 73.3 LBRL ademais de recoller cuestións referidas ás concelleiras e concelleiros non adscritos tamén indica no último parágrafo: "*En cualquier caso, el secretario de la corporación podrá dirigirse al representante legal de la formación política que presentó la correspondiente candidatura a efectos de que notifique la acreditación de las circunstancias señaladas*".

Por todo o exposto e co ánimo de aclarar canto antes a situación desas 9 persoas, algo necesario e urxente para garantir o correcto desenvolvemento das sesións plenarias,

SOLICITO

1.- Que en base ás competencias atribuídas no art. 73.3 LBRL se estude por parte desa secretaría a posibilidade de dirixirse á persoa representante legal do Partido Popular, PSdeG-PSOE e Alternativa dos veciños co fin de que notifiquen a acreditación das circunstancias sinaladas no art 73.3 LBRL, se aínda non o fixeron fehacientemente.

2.- Q se estude a posibilidade de emitir informe xurídico sobre a nova situación das concelleiras e concelleiros citadas aos efectos que se citan no último parágrafo do informe de intervención JPB 358/2022 de fiscalización da modificación das retribucións dos membros da Corporación, co fin de facilitar a toma de decisións coñecendo previamente informes fundados en dereito.

En Sada, a 29/11/2022

Asdo. Laura Rodríguez Pena